

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Organismo AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Capítulo:	
Epígrafe:	
(Para cubrir no "Diario Oficial de Galicia")	

SUMARIO:

Resolución de 10 de abril de 2024 pola que se modifica a Resolución de 18 de xaneiro de 2024, conxunta da Axencia Galega de Innovación e do Instituto Galego de Promoción Económica, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas destinadas a apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia, no marco da Estratexia de especialización Intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, e procédese á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN856C)

TEXTO

O 14 de febreiro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Resolución de 18 de xaneiro de 2024, conxunta da Axencia Galega de Innovación e do Instituto Galego de Promoción Económica pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas destinadas a apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia, no marco da Estratexia de especialización Intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, e procédese á súa convocatoria para o ano 2024.

Esta resolución establece, no seu artigo 5 que o prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia e finalizará en 60 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación.

Nesta primeira convocatoria de axudas para apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia vanse a financiar proxectos que poden incluír, ademais de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación organizativa, o investimento produtivo ligado á parte científico-tecnolóxica do proxecto.

O elevado número de consultas trasladadas recentemente polos interesados en relación ás actividades subvencionables dos proxectos, require a publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación dun documento aclaratorio co fin de facilitar a resolución das dúbidas expostas e facilitar a presentación das solicitudes.

Así mesmo, procede aclarar que as axudas á innovación en materia de produto están dirixidas unicamente ás pemes conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías

de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado da Unión.

En coherencia co anterior, é conveniente modificar os apartados afectados dos anexos II (solicitude da axuda) e anexo II bis (descrición do equipo investigador e o orzamento do proxecto).

Tendo en conta estas circunstancias, resulta aconsellable ampliar o prazo de presentación de solicitudes, o cal non prexudica dereitos de terceiras persoas.

Con carácter xeral, o artigo 32.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, prevé a posibilidade de que a Administración, poida conceder unha ampliación dos prazos establecidos si as circunstancias o aconsellan e con iso non se perxudican dereitos de terceiras persoas, por un período que non exceda da metade dos mesmos.

Consecuentemente co anterior, a directora da Axencia Galega de Innovación e a directora do Instituto Galego de Promoción Económica,

RESOLVEN

Único. Modificar a Resolución de 18 de xaneiro de 2024, conxunta da Axencia Galega de Innovación e do Instituto Galego de Promoción Económica pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas destinadas a apoiar as misións de especialización intelixente de Galicia, no marco da Estratexia de especialización Intelixente de Galicia RIS3 2021-2027, e procédese á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento IN856C) nos seguintes termos:

Un. O apartado 2 do artigo 1 queda redactado da seguinte forma:

“Así mesmo, por medio desta resolución, convócanse devanditas axudas para o ano 2024 en réxime de publicidade, obxectividade e concorrência competitiva, axustándose as axudas concedidas no marco da presente resolución ao establecido no Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado da Unión, sendo os artigos 14 (axudas rexionais ao investimento), 25 (axudas a proxectos de investigación e desenvolvemento), 28 (axudas á innovación en favor da PEME) e 29 (axudas á innovación en materia de procesos e organización) os que amparan os distintos conceptos subvencionables e beneficiarios desta convocatoria.”

Dous. Engádesse o apartado 6 ao artigo 4 coa seguinte redacción:

“6. Só poderán ser beneficiarias de axudas para innovación en produto as pemes de acordo co establecido no artigo 28 do Regulamento (UE) núm. 651/2014.”

Tres. O artigo 5 queda redactado da seguinte forma:

“O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia e finalizará en 90 días naturais desde o día seguinte ao da publicación.”

Catro. O artigo 7 queda redactado da seguinte forma:

“As axudas concederanse en forma de subvencións. A contía máxima da axuda que pode ser concedida aos proxectos seleccionados determinarase sobre o investimento subvencionable de cada beneficiario e será conforme aos límites de intensidade previstos nos artigos 14, 25, 28 e 29 do Regulamento UE núm. 651/2014 (RGEC) e de acordo coa seguinte táboa:

Categoría predominante do proxecto	Pequena empresa	Mediana empresa	Gran empresa
Investigación industrial con colaboración efectiva entre empresa/s ou entre empresas e un ou varios organismos de investigación e difusión de coñecemento, asumindo estes, como mínimo, o 10 % dos custos subvencionables e tendo o organismo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación	60%	60%	60%
Desenvolvemento experimental con colaboración efectiva entre empresa/s ou entre empresas e un ou varios organismos de investigación e difusión de coñecemento, asumindo estes, como mínimo, o 10 % dos custos subvencionables e tendo o organismo dereito a publicar os resultados da súa propia investigación	60%	50%	40%
Innovación organizativa ou en procesos	50%	50%	15%
Innovación en produto	50%	50%	-

A contía máxima da axuda que pode ser concedida aos proxectos de investimento produtivo para pemes será conforme aos seguintes límites de intensidade:

	Pequena empresa	Mediana empresa
Investimento produtivo para pemes	35%	25%

As axudas concedidas pola Axencia Galega de Innovación e o Instituto Galego de Promoción Económica, ao amparo desta convocatoria serán incompatibles coa percepción doutras axudas, outros ingresos ou outros recursos, para a mesma finalidade ou os mesmos custos, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional.”

Cinco. Engádesse o apartado 5 ao artigo 9 coa seguinte redacción:

“5. Os custos subvencionables para a innovación en produto en pemes serán unicamente os seguintes:

- a) Os custos de obtención, validación e defensa de patentes e outros activos inmateriais.
- b) Os custos de envío en comisión de servizo de persoal altamente cualificado procedente dun organismo de investigación e difusión de coñecementos ou unha gran empresa, que traballe en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación nunha función recentemente creada na entidade beneficiaria e que non substitúa a outro persoal.

- c) Os custos dos servizos de asesoramento e apoio en materia de innovación, incluídos os servizos prestados por organismos de investigación e difusión de coñecementos, infraestruturas de investigación, infraestruturas de ensaio e experimentación ou agrupacións empresariais innovadoras.”

Seis. Modifícase o punto 6 do Anexo I relativo ás Definicións, que queda redactado da seguinte forma:

“Innovación en produto: é a introdución no mercado dun produto mellorado que difire de forma significativa dos produtos ou servizos previos tanto para a entidade que os desenvolve como para o mercado que os usa. Unicamente poderá ser realizada por pemes, no marco de axudas á innovación a pemes do artigo 28 do Regulamento (UE) núm. 651/2014.

O anexo II (solicitude da axuda) achégase a esta resolución coa súa nova redacción e o anexo II bis (descrición do equipo investigador e o orzamento do proxecto) actualízase na sede electrónica.

Disposición final única. Entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Patricia Argerey Vilar
Directora da Axencia Galega de
Innovación

Covadonga Toca Carús
Directora do Instituto Galego de
Promoción Económica